



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas al retraso en las obras de reforma del IEO de Vigo.

El Centro Oceanográfico de Vigo es uno de los nueve Centros Oceanográficos del IEO, que dependen del Ministerio de Ciencia y Universidades a través del CSIC y consta de dos edificios, uno principal y otro denominado módulo de experiencias biológicas destinado a la investigación sobre el cultivo de peces. El IEO de Vigo destaca por su labor investigadora de reconocida proyección internacional, los trabajos en materia oceanográfica y sobre recursos pesqueros, así como por la excelencia en el nivel científico.

El deterioro y el mal estado de las dependencias del IEO situadas en Cabo Estai, que datan de 1986, incluso con importantes daños estructurales en el edificio, llevan años siendo objeto de denuncia por parte del personal del centro; sin embargo, las obras de rehabilitación y mejora están sufriendo constantes retrasos por parte del Gobierno.

En una respuesta por escrito al BNG de mediados de febrero de 2023, el Ministerio señalaba que a lo largo de 2023 se realizó un estudio estructural de los edificios de cultivo y principal del IEO en Vigo, además de los estudios topográficos y geotécnicos, así como una auditoría de las instalaciones del centro principal.

En otra respuesta al BNG de 2024, el Ministerio de Ciencia indicaba que había hecho el estudio estructural de la planta de cultivo y del edificio principal en 2023, así como estudios geotécnicos. A la altura de junio de 2024, señalaba que estaba en licitación la redacción del proyecto de ejecución de las obras de rehabilitación del edificio principal. Y añadía que «próximamente publicaría la licitación de la redacción del proyecto de demolición de la actual planta de cultivo y la construcción de la nueva planta». Indicaba que se estaba redactando el proyecto para la construcción provisional de la captación de agua de mar. Asimismo, afirmaba que una vez licitada la ejecución de las obras, el plazo de ejecución sería de 18 meses.

Además, hay que señalar que desde octubre de 2025 se cuenta con la autorización municipal



para el derrumbamiento de la nave de cultivos.

Sin embargo, avanzado ya el año 2026, las obras siguen paralizadas y la imperiosa reforma de los edificios del IEO de Vigo continúa pendiente de forma inexplicable. No se entiende este enorme retraso en la rehabilitación y mejoras de unas dependencias en un estado lamentables e incluso peligrosas para el personal que se ve en la obligación de realizar su trabajo científico y de estudio en unas condiciones precarias.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿En qué situación se encuentra el proyecto de reforma del centro del IEO de Vigo?
2. ¿A qué se debe el enorme retraso en la ejecución de las obras? ¿Ya se iniciaron? ¿De no ser así, cuáles son las razones para tanta demora?
3. ¿Puede explicar cuál es el estado de tramitación de las obras de mejora o rehabilitación de cada uno de los edificios, tanto la de las dependencias principales como el proyecto de construcción de la nueva planta de cultivo que cuenta con autorización municipal para el derrumbamiento de las actuales instalaciones desde octubre de 2025?
4. ¿Es consciente de la proyección internacional del IEO de Vigo, de su nivel de investigación y calidad científica? ¿Considera razonable que se trabaje en unas condiciones tan deplorables?
5. ¿Agilizará el Gobierno para las obras de mejora y rehabilitación del IEO de Vigo?
6. ¿Qué calendario maneja para la finalización de la reforma de las dependencias del IEO de Vigo?

Madrid, a 16 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 MAR. 2026 15:29:38

Entrada **106364**

Sobre o retraso nas obras do IEO de Vigo

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao atraso nas obras de reforma do IEO de Vigo.**

O Centro Oceanográfico de Vigo é un dos nove Centros Oceanográficos do IEO, que dependen do Ministerio de Ciencia e Universidades a través do CSIC e consta de dous edificios, un principal e outro denominado módulo de experiencias biolóxicas destinado á investigación sobre o cultivo de peixes. O IEO de Vigo destaca polo seu labor investigador de recoñecida proxección internacional, os traballos en materia oceanográfica e sobre recursos pesqueiros, así como pola excelencia no nivel científico.

O deterioro e o mal estado das dependencias do IEO situadas en Cabo Estai, que datan de 1986, mesmo con importantes danos estruturais no edificio, levan anos sendo obxecto de denuncia por parte do persoal do centro, porén, as obras de rehabilitación e mellora están a sufrir constantes atrasos por parte do Goberno.

Nunha resposta por escrito ao BNG de mediados de febreiro de 2023, o Ministerio sinalaba que ao longo de 2023 foi realizado o estudo estrutural dos edificios de cultivo e principal do IEO en Vigo, ademais dos estudos topográficos e xeotécnicos, así como unha auditoría das instalacións do centro principal.

Noutra resposta ao BNG de 2024, o Ministerio de Ciencia indicaba que fixera o estudo estrutural da planta de cultivo e do edificio principal en 2023, así como estudos xeotécnicos. Á altura de xuño de 2024, sinalaba que estaba en licitación



a redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación do edificio principal. E engadía que “proximamente publicaría a licitación da redacción do proxecto de demolición da actual planta de cultivo e a construción da nova planta”. Indicaba que se estaba redactando o proxecto para a construción provisional da captación de auga de mar. Así mesmo, afirmaba que unha vez licitada a execución das obras, o prazo de execución sería de 18 meses.

Ademais, hai que sinalar que desde outubro de 2025 cóntase coa autorización municipal para o derrubamento da nave de cultivos.

Con todo, avanzado xa o ano 2026, as obras seguen paralizadas e a imperiosa reforma dos edificios do IEO de Vigo continúa pendente de forma inexplicábel. Non se entende este enorme atraso na rehabilitación e melloras dunhas dependencias nun estado lamentábel e mesmo perigosas para o persoal que se ve na obriga de realizar o seu traballo científico e de estudo nunhas condicións precarias.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. En que situación se encontra o proxecto de reforma do centro de IEO de Vigo?
2. A que se debe o enorme atraso na execución das obras? Deron comezo? De non ser así, Cales son as razóns para tanta demora?
3. Pode explicar cal é o estado de tramitación das obras de mellora ou rehabilitación de cada un dos edificios, tanto a das dependencias principais como o proxecto de construción da nova planta de cultivo que conta con autorización municipal para a o derrubamento das actuais instalacións desde outubro de 2025?



4. É consciente da proxección internacional do IEO de Vigo, do seu nivel de investigación e calidade científica? Considera razoable que se traballe nunhas condicións tan deplorables?
5. Axilizará o Goberno para as obras de mellora e rehabilitación do IEO de Vigo?
6. Que calendario manexa para a finalización da reforma das dependencias do IEO de Vigo?

Madrid, a 16 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso